



finale

C.M. Hill.

AUTOR: Carmen Franco

Ferreirós Espinosa, Carlos. 2018. *O legado dos Valladares de Vilancosta* (ed. Armando Requeixo). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. 678 pp.

A obra *O legado dos Valladares de Vilancosta*, preparada por Carlos Ferreirós Espinosa (Poio 1917- Berres 1996) antes do seu falecemento e editada finalmente por Armando Requeixo, pon ao descuberto o legado da familia Valladares de Vilancosta e aproxímase ao ámbito biográfico e á faceta literaria e artística de distintos membros. Armando Requeixo (2018: 25) resume a xénese do proxecto facendo referencia aos anos que pasaron dende a súa redacción até a correspondente publicación:

Durante ese tempo, os seus fillos, Carlos, Maricarmen, Xoaquín e Xosé Ferreirós Domínguez, non cederon na ilusión de ver o traballo de seu pai impreso e decidiron solicitar a axuda de Mercedes Brea, Juan Andrés Fernández Castro, Valentín García Gómez, María Xesús Nogueira e Ofelia Rey Castelao, quen dende o primeiro momento foron conscientes da importancia da obra e o interese da súa publicación, á que axudaron decisivamente.

Logo da presentación da obra realizada por Requeixo, a exposición continúa cun limiar da autoría de Xosé López Campos, alcalde do Concello da Estrada, onde menciona a outros humanistas estradenses relevantes ao longo da historia. Seguidamente achégase unha introdución que fai eco do contexto histórico da familia e o seu vínculo coa literatura do seu tempo. Tamén acolle unha breve nota de edición. A continuación, a obra divídese en dez capítulos que afondan nas actividades dos Valladares dende unha perspectiva que atende ao seu carácter multidisciplinar e que lle foron propias ós membros da familia, entre as cales a poesía ten un carácter case transversal.

O miolo do libro principia cunha xustificación e divídese en dúas partes. A primeira delas está composta polos dous primeiros capítulos da obra. Neles explórase o patrimonio do que gozou a familia, e semella que esta achega ten o afán de amosar a situación e o contexto no que se desenvolveron as vidas dos Valladares e que, sen dúbida, marcou o seu percorrido vital e a súa produción literaria e artística. O primeiro capítulo céntrase na comarca na que transcorre a historia dos Valladares, a Terra do Ulla; no segundo, ponse o foco no propio patrimonio familiar, do que se ofrece unha demorada descrición e que serviu de epicentro dos vínculos que mantivo a familia.

A segunda parte do libro abre cun capítulo onde se atende ás familias propietarias do Casal de Vilancosta e ás relacións que teñen cos Valladares, ademais de multitude de información de carácter xenealóxico que serve ao lectorado para orientarse sobre a procedencia dos propietarios de Vilancosta e as relacións que existen entre eles.

6 Cada un dos seguintes sete capítulos céntranse nun dos membros da familia de xeito independente, a saber: Xosé Dionisio Valladares (1787-1862), Marcial Valladares Núñez (1821-1903), Serxio Valladares Núñez (1823-1855), Avelina Valladares Núñez (1825-1902), Luísa Valladares Núñez (1827-1911), Laurentino Espinosa Valladares (1861-1936) e Xosé Espinosa Cervela e Valladares (1892-1971). A atención que se lles dá está dividida en seccións que corresponden a diferentes categorías como a “Personalidade”, “A súa vida”, e unha terceira na que se fai referencia ao legado de cada un deles no ámbito cultural ou na que se detallan máis os eidos que atanguen a súa traxectoria social e intelectual.

Da figura de Xosé Dionisio Valladares destácanse múltiples aspectos, dende a súa traxectoria no ámbito xurídico pasando pola súa colaboración con Domingo Fontán, como xeógrafo e cartógrafo, até a súa carreira política. A multitude de cargos que chegou a ostentar en vida, tanto no eido xurídico como no político, achegan unha gran cantidade de subapartados que describen brevemente o labor de Xosé Dionisio Valladares. Cada un dos apartados achega textos de comunicacións oficiais a institucións e procedentes do intercambio epistolar con persoeiros da época.

No caso de Marcial Valladares dedícaselle un capítulo máis breve que no caso anterior no que se repasa a súa “Personalidade”, “A súa vida” e un último

apartado titulado “O escritor”, no que se afonda na faceta literaria do autor, dende as súas publicacións en *El Eco de Galicia* da Habana como o *Cantigueiro popular* ou o coñecido *Diccionario Gallego-Castellano*.

De Serxio Valladares danse a coñecer algúns datos biográficos e afóndase na súa carreira dentro da xurisprudencia, ademais de expor numerosos escritos sociopolíticos que, ademais de achegar información sobre a posición persoal do autor, serven como testemuño histórico que reflicte o tempo daquel entón. Por outra parte, achégase a súa produción artístico-literaria, que abrangue dende textos en prosa, como relatos e contos, até obras teatrais e composicións musicais. Destaca o apartado “Poesías”, onde se achegan composicións editadas e inéditas.

Os dous seguintes capítulos detéñense na figura de dúas mulleres: Avelina e Luísa Valladares. O primeiro deles ofrece unha interesante biografía fundamentada en textos que deixou escritos no seu diario e tamén reproducidos no apartado “A súa vida”. Deseguido, introdúcese a dimensión literaria e artística da autora ademais de presentar os textos das súas obras, das que cabe destacar a súa produción poética en galego e castelán. O segundo, referido a Luísa Valladares, trátase dun capítulo máis sucinto en comparación cos anteriores no que se fai un breve percorrido polos principais fitos da súa vida e achéganse dous poemas da autora, un deles en galego e titulado “Á Ulla”.

A continuación, atópase o capítulo dedicado a Laurentino Espinosa Valladares. Despois de achegarse datos introdutorios do seu periplo vital, complementados con textos da súa autoría, dedícaselle un apartado sobre a súa posición e implicación dentro da corrente rexionalista. Despois expóñense textos da súa pluma (poesía, prosa, memorias e escritos políticos) e unha serie de textos epistolares. Destaca tamén no seu caso a sección de poesía que inclúe composicións en galego e castelán.

Finalmente, a obra péchase cun capítulo dedicado ao legado de Xosé Espinosa Cervela e Valladares, do que non se ofrece un legado textual; porén, dáse conta dalgúns dos fitos que marcarían a súa vida, ademais de achegar unha carta aos seus sobriños. Da súa biografía destácase o seu papel mediador que conseguiu salvar da cadea e do fusilamento a varios membros do Partido da Estrada durante a Guerra Civil.

O libro tamén conta cun epílogo escrito polos fillos de Carlos Ferreirós no que dan grazas ás institucións responsábeis da edición, ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, á Secretaría Xeral de Política Lingüística, ao Concello da Estrada e ao Museo do Pobo Estradense, por todo o traballo e a colaboración necesarios para a rigorosa edición da obra. Deseguido, achégase un pequeno resumo da vida do propio Ferreirós.

En definitiva, os diferentes apartados do libro conforman un percorrido a través da árbore xenealóxica da familia Valladares de Vilancosta, o cal acada un valor superior polos textos que acompañan cada unha das seccións dedicadas aos diferentes persoeiros. O traballo levado a cabo na obra conforma un compendio da produción literaria dos Valladares que resulta interesante polo carácter transversal, que achega nova información a través da reprodución de textos e documentos inéditos.

*Raúl Costas Pereira*

Universidade de Santiago de Compostela/  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades